



**DECRETO**

Tras ver a proposta que textualmente di o seguinte:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se recolle o seguinte:

“Vista a documentación remitida o 4 de maio de 2026 (registro de entrada número 2026RT009909), emendada o 6 de maio de 2026 (registro de entrada número 2026RT010162), por don Jesús Vázquez Varela, en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN DE VECINOS COMERCIANTES E INDUSTRIALES DISTRITO MILAGROSA, con NIF G27159110, na que se solicita a concesión da subvención directa de carácter nominativo para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Actividades no barrio da Milagrosa”, na anualidade 2026, polo importe de 15.000,00€, procede emitir o seguinte INFORME:

Antecedentes de feito:

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2026, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións trianual (anualidades 2026-2028), o cal foi publicado no BOP de Lugo núm. 035 do 31 de xaneiro de 2026.

SEGUNDO: Os Orzamentos da Deputación foron definitivamente aprobados por acordo plenario de data 30 de decembro de 2025 e entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2026. Estes conteñen o anexo coa relación de subvencións nominativas para o ano 2026.

TERCEIRO: A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2026, aprobou a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións trianual (anualidades 2026-2028) a través do Anexo I de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026 (onde se recollen as mesmas subvencións directas nominativas para a anualidade do 2026 que están relacionadas nos Orzamentos da Deputación do ano 2026).

CUARTO: Por resolución presidencial de data 25 de febreiro de 2026, apróbouse a seguinte proposta:

“(…)

1º. Os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas nominativas que se relacionan a continuación e que se incorporan ao expediente:

- Anexo I. Solicitude
- Anexo II. Certificado do secretario/a da entidade solicitante.
- Anexo III. Autorización para subcontratar nos supostos do artigo 29.3 e 29.7 d) da LXS.
- Anexo IV: Compromiso de obtención de licencias e autorizacións preceptivas para a execución das obras.

(…)

	IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4	Fecha y Hora	02/06/2026 13:57:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4</a>	Página	1/9



3º. As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos) e que se incorporan ao expediente.

4º. Os convenios tipo en galego canalizadores das subvencións directas nominativas e das subvencións de carácter excepcional que se relacionan a continuación:

- Convenios tipo canalizadores de subvencións a formalizar con entidades privadas, persoas físicas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades:

a) convenio tipo para subvencións directas nominativas e para subvencións de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00 € (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 31.1 da OXS).

b) convenio tipo para subvencións directas nominativas por importe igual ou superior a 15.000,00 € (conta xustificativa ordinaria en base ao establecido no artigo 31.2 da OXS).

- Convenio tipo canalizador das subvencións directas nominativas (con independencia do importe) e das subvencións de carácter excepcional por inferior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.

(...)

2.- Determinar que:

1º. Soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía,

- cando se trate de subvencións directas nominativas, ata un máximo do 80% da subvención solicitada e en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.

- cando se trate de subvencións de carácter excepcional, ata un máximo do 50% da subvención solicitada e en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.

2º. Se publicará na páxina web do ente provincial:

a) os modelos normalizados (Anexos) de solicitude e de xustificación.

b) As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).

(...)

	IV76U4J7DUVT3KMPCQGAAH77J4	Fecha y Hora	02/06/2026 13:57:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAAH77J4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAAH77J4</a>	Página	2/9





4º. Os convenios tipo poderán ser obxecto de adaptación en casos excepcionais previo informe favorable da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio.”

QUINTO: O 5 de marzo de 2026 a Presidencia aprobou a modificación dos anexos de solicitude aprobados por resolución presidencial de data 25 de febreiro de 2026 seguintes, para adaptalos á normativa de protección de datos:

“1º. Os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas nominativas que se relacionan a continuación:

- Anexo I. Solicitude
- Anexo II. Certificado do secretario/a da entidade solicitante.
- Anexo III. Autorización para subcontratar nos supostos do artigo 29.3 e 29.7 d) da LXS.
- Anexo IV: Compromiso de obtención de licencias e autorizacións preceptivas para a execución das obras.  
(...)”.

SEXTO: Por resolución presidencial, de data 31 de marzo de 2026, aprobouse a corrección do erro material detectado no clausulado dos convenios tipo aprobados por resolución presidencial de data 25 de febreiro de 2026”.

Consideracións xurídico administrativas:

PRIMEIRA: A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS en diante), establece no seu artigo 22.2 que, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. A estes efectos, enténdese por subvención prevista nominativamente nos orzamentos aquela na que, alomenos a súa dotación orzamentaria e o beneficiario aparezan determinadas nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

O Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS en diante), establece no seu artigo 65 que, a efectos do disposto no artigo 22.2.a) da LXS, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento. Nas entidades locais, será de aplicación a ditas subvencións, en defecto de normativa específica que regule a súa concesión, o previsto na LXS e no Real Decreto 887/2006, salvo que nunha e noutro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrència.

	IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4	Fecha y Hora	02/06/2026 13:57:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4</a>	Página	3/9



E no mesmo senso, se pronuncia o artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (publicada no BOP Núm. 009, do 11 de xaneiro de 2024).

SEGUNDA: Nos orzamentos da Deputación para o ano 2026 e no Anexo I de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026 (PES 2026-2028) recóllese unha subvención nominativa a favor da entidade ASOCIACIÓN DE VECINOS COMERCIANTES E INDUSTRIALES DISTRITO MILAGROSA, por importe de 15.000,00€, para financiar gastos derivados da actuación denominada “Actividades no barrio da Milagrosa”, no ano 2026.

TERCEIRA: Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (publicada no BOP de Lugo núm. 009 do 11 de xaneiro de 2024 e corrección de erros no BOP de Lugo núm. 038 do 15 de febreiro de 2024) establécese o seguinte:

- Artigo 1. obxecto.

“(…)

2. A concesión de subvencións que se realice ao amparo desta Ordenanza Xeral deberá estar vinculada a algún do obxectivos das Liñas das diversas Áreas do Plan Estratéxico de Subvencións vixente”

- Artigo 26. Subvencións previstas nominativamente nos orzamentos.

“1. O procedemento de concesión destas subvencións iniciarase a instancia de suxeito interesado e tramitarase polo servizo ou centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención.

O suxeito interesado, deberán presentar solicitude nos termos previstos no artigo 19 desta Ordenanza Xeral.

2. Iniciado o procedemento, deberá emitirse borrador de convenio canalizador da subvención, suscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple o réxime xurídico ao que se axustará a subvención, e que necesariamente haberá de manifestarse sobre os seguintes extremos:

- a) A determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.
- b) O crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario cando fosen varios.
- c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración, ente público ou privado, nacional, comunitario europeo ou internacional.
- d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios.
- e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

	IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4	Fecha y Hora	02/06/2026 13:57:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4</a>	Página	4/9





3. Adoptarase o correspondente acto de concesión, previa fiscalización da Intervención provincial, ao que seguirá a firma do correspondente convenio canalizador.

A concesión destas subvencións realizarase por quen se determine nas bases de execución do orzamento e no Regulamento Orgánico da Deputación.”

CUARTA: Na base 24 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2026 dispónse o seguinte:

“(…)

Concesión directa: As subvencións poderán outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrencia competitiva nin a publicidade, nos seguintes casos:

- Cando estean consignadas nominativamente no Orzamento inicial ou nas súas modificacións, sen que iso supoña ningún dereito subxectivo.

(…)

Nominativas: O órgano competente para a súa concesión e o Ilmo. Sr. Presidente a proposta do Delegado correspondente. (…)

QUINTA: Publicidade da subvención.

No artigo 20.8 apartado b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se establece que:

“En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web os seguintes contidos: (…)

b) As subvencións concedidas; para a súa publicación, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións as subvencións concedidas con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e obxectivo ou finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados. Igualmente deberá informarse, cando corresponda, sobre o compromiso asumido polos membros contemplados no apartado 2 e no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 e, en caso de subvencións plurianuais, sobre a distribución por anualidades. Non serán publicadas as subvencións concedidas cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor, á intimidade persoal ou familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e a propia imaxe, e fose previsto na súa normativa reguladora. O tratamento dos datos de carácter persoal sólo poderá efectuarse si é necesario para a satisfacción do interese lexítimo perseguido polo responsable do tratamento ou polo terceiro ou terceiros aos que se comuniquen os datos, sempre que

	IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4	Fecha y Hora	02/06/2026 13:57:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4</a>	Página	5/9



non prevaleza o interese ou os dereitos e liberdades fundamentais do interesado que requiran protección con arranxo ao artigo 1.1 da Directiva 95/46/CE.

En sentido semellante se expresa o artigo 30 do RD 887/2006, do 21 de xullo, (RLXS), ao establecer que, “A publicidade das subvencións realizarase de acordo co establecido para a publicidade de subvencións e axudas públicas da Base de Datos Nacional de Subvencións”.

En relación co anterior, o artigo 7 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, regula a publicidade das subvencións e axudas públicas no seguinte sentido:

“1. A efectos de dar cumprimento ás obrigas de publicidade e transparencia nos termos previstos nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a Base de datos nacional de subvencións operará como Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas e será o sitio web que, con carácter exhaustivo, publicará as axudas de estado e axudas de minimis no ámbito nacional en cumprimento do previsto na normativa europea.

A información estará dispoñible nos enderezos [www.subvenciones.gob.es](http://www.subvenciones.gob.es) e [www.infosubvenciones.es](http://www.infosubvenciones.es).


2. Na publicación recollerase a información sobre subvencións e axudas públicas segundo o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, na Lei 19/2013, do 9 de decembro, na normativa emanada da Unión Europea sobre transparencia de axudas públicas e en cantas outras normas resulten de aplicación.  
(...)”

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvención de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

SEXTA: A lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 34.4 establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e que en ningún caso se poderán realizar pagos anticipados a beneficiarios cando se solicítase a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, se atope declarado en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

E en sentido semellante se expresa o artigo 35.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

	IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4	Fecha y Hora	02/06/2026 13:57:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4</a>	Página	6/9





Neste sentido, a base 24ª.8, de execución do orzamento provincial para o ano 2026 dispón que, “poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito. (...)”.

Neste caso, o representante da entidade beneficiaria solicita o aboamento anticipado do 80% sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 12.000,00€, con dispensa de garantía, declarando que presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actuación obxecto da subvención doutro xeito.

Tendo en conta que non se aprecia risco de incumplir as obrigas que se deriven do convenio que se vai asinar, procede, ao amparo do establecido no artigo 42.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (relativo ao réxime xeral de garantías) e na base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, que o aboamento da subvención se realice mediante un anticipo a conta do 80% sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 12.000,00€, con dispensa de garantía, unha vez asinado o convenio canalizador desta subvención, cumprindo os trámites establecidos ao efecto, e aboando o 20% restante, é dicir, 3.000,00€, unha vez aprobada a documentación xustificativa da subvención.

#### Conclusiones

PRIMEIRA. A subvención nominativa solicitada está reflectida nos orzamentos da Deputación para o ano 2026 e no Anexo I de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026 (PES 2026-2028).

SEGUNDA: A finalidade da actuación da devandita subvención nominativa encaixa na Liña 1.1–Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo.

Na mesma, establécese como obxectivo estratéxico o de “conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.)”.

O obxectivo específico da mesma é o de “fomento da participación dos cidadáns, tratando que os habitantes da provincia de Lugo sexan suxeitos sociais con unha maior capacidade para transformar o medio no que habitan, procurando que acaden un maior control sobre os seus órganos, económicos e administrativos”.

TERCEIRA: A documentación aportada polo representante da entidade correspóndese coa aprobada por resolución presidencial (modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas nominativas).

	IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4	Fecha y Hora	02/06/2026 13:57:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4</a>	Página	7/9



Á vista da documentación e os datos que obran neste expediente, considérase que o obxecto desta subvención atópase comprendido dentro das motivacións definidas anteriormente, e que o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención. Así mesmo, consta no expediente xustificación ou declaración responsable do representante da entidade, de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

CUARTA: Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións (BDNS) coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	94	Actividades asociativas
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación.
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega diñeraria sen contraprestación

En base ao anteriormente exposto, e tendo en conta que o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar a subvención nominativa solicitada, propónse que pola Presidenta se adopte a seguinte RESOLUCIÓN:

- Que se aprobe a concesión da subvención directa nominativa, por importe de 15.000,00€, a favor da entidade ASOCIACIÓN DE VECINOS COMERCIANTES E INDUSTRIALES DISTRITO MILAGROSA, para sufragar os gastos derivados da actuación “Actividades no barrio da Milagrosa”, na anualidade 2026, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), na Liña 1.1 a) -Xeración de riqueza- correspondente á Área de Presidencia.
- Que se aprobe o gasto por importe de 15.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48900 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da entidade ASOCIACIÓN DE VECINOS COMERCIANTES E INDUSTRIALES DISTRITO MILAGROSA, para sufragar os gastos derivados da actuación “Actividades no barrio da Milagrosa”, na anualidade 2026.
- Que se aprobe o borrador do convenio (en galego) a través do que se instrumenta a citada subvención nominativa, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas nominativas por importe igual ou superior a 15.000,00€ (conta xustificativa ordinaria en base ao establecido no artigo 31.2 da OXS) aprobado pola Presidenta.
- Que se aprobe a concesión do anticipo, con dispensa de garantía, do 80% do importe da subvención, o que supón unha contía de 12.000,00€.

	IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4	Fecha y Hora	02/06/2026 13:57:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4</a>	Página	8/9





5. Que se propoña o pagamento do antedito anticipo, con dispensa de garantía, unha vez suscrito o convenio a través do que se instrumenta esta subvención, e que conste no expediente a documentación establecida no mesmo, en relación coa tramitación do amentado anticipo.”

E tendo en conta que o expediente foi fiscalizado por Intervención, proponse que pola Presidenta se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a concesión da subvención directa nominativa, por importe de 15.000,00€, a favor da entidade ASOCIACIÓN DE VECINOS COMERCIANTES E INDUSTRIALES DISTRITO MILAGROSA, para sufragar os gastos derivados da actuación “Actividades no barrio da Milagrosa”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, no apartado a) de subvencións directas nominativas.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 15.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48900 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo, a favor da entidade ASOCIACIÓN DE VECINOS COMERCIANTES E INDUSTRIALES DISTRITO MILAGROSA para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actividades no barrio da Milagrosa” no ano 2026.

3º.- Aprobar o borrador do convenio canalizador da citada subvención (CSV: IV7REW7MF4MT5PJTSTWGN5X6AQ)

4º.- Aprobar a concesión do anticipo, con dispensa de garantía, do 80% do importe da subvención.

5º.- Aprobar o pago do anticipo, con dispensa de garantía, do 80% do importe da subvención cando se formalice o convenio e conste no expediente a documentación establecida para a tramitación do anticipo.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**A PRESIDENTA,**  
P.D. Decreto de data 14-01-2026  
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4	Fecha y Hora	02/06/2026 13:57:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4J7DUVT3KMPCQGAH77J4</a>	Página	9/9

